


## Gráfica dos grupos políticos do Concello de Lugo sobre o seu interese no problema do Parque Rosalía

(ver información local nos medios durante este período)



Sinalar que o presidente Touriño non respostou a nosa solicitude de entrevista e destacar o apoio de multitude de asociacións de Lugo e de fora da nosa cidade, as máis de 11.000 firmas recollidas ata o momento e o interese amosado polo grupo de Esquerda Unida en Lugo.

entra e firma na nova web  
[www.parquerosalia.es](http://www.parquerosalia.es)

coñece a plataforma sobre o PXOM  
[www.amellorcidadedomundo.org](http://www.amellorcidadedomundo.org)

e a páxina para salva-lo  
[www.parquemarcosccla.org](http://www.parquemarcosccla.org)

## segue en curso o contencioso pola defensa das vistas do Parque



vistas desde o Mirador do Parque



vista si se da licencia de obra

entra e firma na nova web  
[www.parquerosalia.es](http://www.parquerosalia.es)  
+ de 11.000 firmas

## > todos deberíamos sabelo

A edificabilidade desta parcela deuse no ano 91 polo PP e nos 4 anos seguintes tería que redactarse o PERI (Plan Especial de Reforma Interior) previsto no art. 44 do PXOU. Ó non redactarse, no ano 95 pérdense os dereitos do constructor, desde entón **os equipos de goberno do Sr. García Díez e o Sr. Orozco puideron reordena-la zona sin coste de indemnización para o Concello ¿por qué non o fixeron?**

**Perda de dereitos edificatorios** (artigo 85 da lei 1/1997 do solo de Galicia):

"Nos supostos de actuación urbanística de iniciativa privada, o incumprimento inxustificable dos deberes de cesión, de distribución de cargas e beneficios e de urbanización nos prazos establecidos dará lugar á perda das correspondentes facultades urbanísticas".

**Ó Concello non tiña que indemnizar** (artigo 41, lei estatal 6/1998 de Réxime do Solo e Valoracións):

"La modificación o revisión del planeamiento sólo podrá dar lugar a indemnización por reducción de aprovechamiento si se produce antes de transcurrir los plazos previstos para su ejecución en el ámbito en el que a dichos efectos se encuentre incluido el terreno, o transcurridos aquéllos, si la ejecución no se hubiere llevado a efecto por causas imputables a la Administración".

**Agora resulta máis cómodo lanzar balóns fora: "Besteiro a favor de defender el Parque, si Cultura respeta las indemnizaciones"** (La Voz, 24/8/06) o "El Ayuntamiento insta a Cultura que decida ya si declara BIC el Parque" (El Progreso, 21/4/07).

## > a responsabilidade de Cultura

**A Consellería de Cultura tamén ten responsabilidades e pode contribuir a parar esta desfeita, aínda que semella impasible ante o non acatamento do Concello a súa orde de paralización,** por non existir informe previo deste organismo que o Concello non solicitou. O Sanatorio Portela sendo un ben catalogado por Patrimonio, rematou cun edificio de sete plantas ó seu carón, polo que é obriga desta consellería non caer en deixación de funcións e velar polo patrimonio de forma activa cando un concello incumpre a lei dun organismo de rango superior.

"Cultura informa al juzgado sobre la urbanización del Parque". (La Voz, 20/4/07).

## > algúns titulares

**"El Parque es el mayor bien de Lugo, tras el casco histórico y la muralla, según estudio encargado por el Concello"** (La Voz, 6/12/07). Unha cousa é a teoría...

**"O último pleno do ano en Ferrol asina a fin do edificio que se ía construír na Praza de España"** (Vieiros, 28/12/07). Cuestión de vontade política.

**"El candidato del PP, Sr. García Díez, lanza un órdago al BNG para que en caso de que el PSOE no saque mayoría absoluta, impedir la edificación en torno al Parque"** (El Progreso, 13/3/07). Falta que se leve a cabo.

**Liñares dice que Cultura "no tiene competencias" al tratarse de unos trabajos que no se realizan dentro del casco histórico** (El Progreso, 6/7/07). ¿Pódese dicir algo así? Preferimos pensar que é por descoñecemento.

**"Liñares dice que creía que su solar de A Ponte sería rústico"** (El Progreso, 20/11/07). Pero o novo PXOM o recolle como solo urbano consolidado, contrariamente ó informe da Consellería de Política Territorial, que indica que non se atopa suficientemente xustificada a súa clasificación como solo urbano.

**"...la vista panorámica que se disfruta desde diversos puntos, de una belleza incomparable"** (exposición "Un Xardín na Memoria", Concello de Lugo. Febreiro 2008). Palabras do arquitecto Ramiro Sainz, autor do proxecto do Parque, sobre as condicións que debía reunir a ubicación; coñecido ata 1931 como Parque Bella Vista.

## > segue en curso o contencioso polas vistas do Parque

**O contencioso presentado pola asociación segue en curso, nun proceso que pode chegar a prolongarse. Nestes días fallouse un auto que non debe confundirse cunha sentenza que non existe, ya que o propio xuízo está por celebrarse e acaba de abrirse o período de presentación de probas polas partes.** O recurso impugna a aprobación do Proxecto de Urbanización denunciando unha serie de supostas irregularidades levadas a cabo polo Concello coa única finalidade de proporcionar na leira dun particular dun xeito, aparentemente legal, a máxima edificabilidade no sitio máis rendible, obviar o ben social, os intereses da cidadanía á que representa, as leis de protección patrimonial e os trámites legais para a tramitación dun PERI. Entre outras se enumeran e xustifican as seguintes:

- 1/ Falta de informes sectoriais doutras Administracións** (Cultura, Medio Ambiente e Industria). No entorno da unidade existen bens protexidos (Termas Romanas, Sanatorio Portela e Parque) e é preceptivo o informe da Consellería de Cultura para calquera actuación.
- 2/ Ausencia de notificacións a terceiros de carácter preceptivo.**
- 3/ Permutación de terreo público, de forma supostamente irregular,** adxacente ás Costas do Parque por espazos residuais de dubidoso aproveitamento na pendente que dá a República Arxentina.
- 4/ Indefinición do sistema viario** que non conta nin co detalle nin xustificación necesarios en orde á capacidade prevista (acceso aos ocupantes de 200 vivendas) acorde ás esixencias técnicas de edificación.
- 5/ Incumprimento do artigo 104 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que protexe expresamente lugares paisaxísticos** como é o Parque Rosalía, as súas Costas e os seus miradoiros, cuxa beleza e interese está recollida en tódalas guías turísticas de Galicia, desde a de Otero Pedrayo de 1945 ata o Plano-Guía de Lugo editado polo Concello.

**Dase a paradoxa de que somos os cidadáns os que temos que defender o grave atentado ó patrimonio de todos, das actuacións dos nosos representantes.** Pedímoslle a PP e BNG que pidan responsabilidades políticas pola inxustificada permuta de terreos públicos para que se poida construír un edificio de nove plantas, e pola desobediencia a un organismo con competencias superiores ó Concello en materia de patrimonio (Consellería de Cultura) que ordenou paralizar as obras.